

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 27 de outubro de 2021 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- \* Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 01 de outubro de 2021.
- \* Aprobación das memorias para as solicitudes de verificación de títulos de grao e mestrado.
- \* Aprobación da Oferta de Emprego Público de persoal docente e investigador da Universidade de Vigo para o ano 2021.
- \* Aprobación dos criterios para a prelación na saída a concurso de prazas de Contratado Doutor a tempo completo ocupadas interinamente.
- \* Ratificación do acordo de funcionarización do persoal laboral fixo de administración e servizos da Universidade de Vigo e aprobación da relación de postos de traballo (RPT) derivada do mesmo.
- \* Aprobación da modificación do Regulamento da Comisión de Calidade da Universidade de Vigo.
- \* Nomeamento dun representante do alumnado na Comisión de Estudos Propios:
  - Iago Meis Solla

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.